



PROBAS LIBRES PARA A OBTENCIÓN DE TÍTULOS FP (LOE)

As probas libres teñen por finalidade permitir ás persoas participantes obteren directamente algún dos títulos de técnico ou de técnico superior de formación profesional, sempre que demostren ter alcanzados os obxectivos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para a formación profesional, así como os fixados no currículo respectivo.

OFERTA FORMATIVA DOS MÓDULOS DO CM DE XARDINARÍA E FLORARÍA

| MÓDULOS | |
|--|--|
| 1º curso | 2º curso |
| <ol style="list-style-type: none">1. Fundamentos agronómicos.2. Taller e equipamentos de tracción.3. Infraestruturas e instalacións agrícolas.4. Principios de sanidade vexetal.5. Implantación de xardíns e zonas verdes.6. Producción de plantas e terróns de céspede en viveiro.7. Formación e orientación laboral. | <ol style="list-style-type: none">8. Control fitosanitario.9. Mantemento e mellora de xardíns e zonas verdes.10. Composicións florais e con plantas.11. Establecementos de floraría.12. Técnicas de venda en xardinaria e floraría.13. Empresa e iniciativa emprendedora. |

OFERTA FORMATIVA DOS MÓDULOS DO CS DE PAISAXISMO E MEDIO RURAL

| MÓDULOS | |
|--|---|
| 1º Curso | 2º Curso |
| <ol style="list-style-type: none">1. Botánica agronómica.2. Xestión e organización do viveiro.3. Fitopatoloxía.4. Topografía agraria.5. Maquinaria e instalacións agroforestais.6. Conservación de xardíns e céspedes deportivos.7. Formación e orientación laboral. | <ol style="list-style-type: none">8. Planificación de cultivos.9. Xestión de cultivos.10. Deseño de xardíns e restauración da paisaxe.11. Empresa e iniciativa emprendedora.12. Proxecto de paisaxismo e medio rural. |

ESTRUTURA DAS PROBAS LIBRES:

Após do proceso de admisión convocado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación e Universidades, o alumnado admitido ten obriga de asistir á xornada de acollemento e a continuación ven o desenvolvemento en sí das probas:

Primeira parte: ten carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Segunda parte: as persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.



O calendario de probas, con carácter xeral, levanse a cabo durante dúas semanas, unha para a parte teórica e outra para a parte práctica.

Máis información nas seguintes ligazóns:

Proceso admisión:

<http://www.edu.xunta.gal/fp/libres>

Normativa reguladora das probas iibres:

<http://www.edu.xunta.gal/fp/probas-libres-convocatoria-actual>